



Unha lanzadeira de ánimas

Cando os ecos da batalla da Coruña (1809) aínda non se apagaran, instálase tras a capela do santo atlántico por excelencia, Santo Amaro, e xunto ao camiño que conducía ao faro universal, un cemiterio moderno, seguindo os criterios higienistas ordenados pola administración borbónica. Un campamento atlántico, de perímetro cadrado e de planta en cruz grega habilitando espazo para os catro parroquias entón existentes, as dos intramuros e as dos extramuros. Co paso destes dous séculos, este lugar será ampliado ata configurar os seus catro departamentos, e será dotado cunha capela xoiá neoclásica e un cemiterio civil ou "de impenitentes" segundo dona Emilia Pardo Bazán, que xunto a Rosalía, Casares Quiroga, a súa filla María Casares e Fernando Rey, é un dos grandes "ausentes" deste cemiterio. No seu seo, pero separado, tamén un Cemiterio Británico, dando conta para sempre do carácter atlántico e internacional da urbe.

Fóra deste recinto onde se respira unha estraña maxia, a mesa que levou a Santo Amaro a cruzar o Mare Tenebrossum en busca do "Alén", descansan tamén ilustres coruñeses noutros lugares da cidade como Teresa Herrera na igrexa de San Nicolás na Pescadería, Eusebio da Guarda na igrexa de Santo Andrés ou o ilustre escocés John Moore en San Carlos, un dos xardíns románticos máis bonitos de España. Os enterramentos baixo o lousado ou xunto ás igrexas parroquiais, e sobre todo das ordes mendicantes instaladas na cidade, franciscanos e dominicos, serán a nota predominante ata a bendición deste campamento en novembro de 1812. Precisamente, despois de que chuvias torrenciais puxesen ao descuberto enterramentos do mosteiro franciscano, as xentes viron como unha necesidade establecer este cemiterio fóra da cidade.


Un campamento precioso, un continente e contido dun valor excepcional, para cuxa interpretación propoñemos catro itinerarios diferentes.

Suso Martínez

Historiador e guía do cemiterio de Santo Amaro

Itinerario dos creadores, historiadores e científicos

- 1 Dramaturgo Jenaro Marinhas del Valle. Premio Castelao de Teatro (145).
- 2 Pintora María Corredoyra. Xeración de 1916 (36).
- 3 Historiador Francisco Tettamancy. Autor da mellor Historia comercial coruñesa (555).
- 4 Músico Canuto Berea. Pioneiro do orfeonismo galego e alcalde.
- 5 Debuxante Luís Huici. Artista fusilado en 1936.
- 6 Músico Pucho Boedo. Intérprete contemporáneo da alma galaica (885).
- 7 Mecenas Pascual López Cortón. Alma dos Xogos Florais de 1861 (348).
- 8 Historiador Andrés Martínez Salazar. Presidente da RAG e primeiro cronista da Coruña (263).
- 9 Pintor Gumersindo Pardo Reguera. Inspirador do neno Picasso (58).
- 10 Escritora Clara Corral Aller. Unha das mellores poetas galegas.
- 11 Músico Marcial del Adalid. O Príncipe do Romanticismo.
- 12 Animador cultural Sebastián Martínez-Risco. Na súa etapa de presidente da RAG celebrouse o primeiro Día das Letras Galegas (3015).
- 13 Arquitecto Santiago Rey Pedreira. O arquitecto racionalista dos 30.
- 14 Poeta Luisa Villalta. Escritora, filóloga e música (351).
- 15 Escritor Ramón Amigo. O Médico Amigo, personaxe na obra da Pardo Bazán (379).
- 16 Alcalde Juan González Rodríguez. Autor do primeiro bando escrito en galego.
- 17 Lingüista Eulogio Losada Badía. Fundador do Instituto Galego de Estudos Céltas (182).
- 18 Arquitecto Rafael González Villar. Presidente da Real Academia Provincial de Belas Artes (212).
- 19 Escultor Isidoro Brocos. O escultor de Eusebio da Guarda e mestre de Picasso (216).
- 20 Acisclo Campano. Catedrático de física e química do instituto Eusebio da Guarda (241).
- 21 Escultor José Escudero Couceiro. Autor con importante obra na cidade e en Galicia (1041).
- 22 Emilio Cernigó Carreras. A súa fábrica de madeiras de luxo elaborou o cadeirado e chans do salón de plenos do Palacio Municipal (278).
- 23 Poeta Miguel González-Garcés. Escritor e historiador.
- 24 Historiador e arqueólogo Bernardo Barreiro. Director da revista historiográfica máis prestixiosa do XIX (495).
- 25 Pintor José Ramón Villar Chao. Gran ilustrador de obras literarias (49).
- 26 Pintor Gerardo Porto Montoto. Autor das vidrireas do obelisco Millennium.
- 27 Enxeñeiro Fernando Wirtz. Promotor da Escola Elemental do Traballo coruñesa.
- 28 Matemático Juan Jacobo Durán Loriga. Matemático de fama internacional (433).
- 29 Músico Mestre Castro Chané. Piar do orfeonismo galego.
- 30 Músico Adolfo Anta Seoane. Director de Cántigas da Terra (3253).
- 31 Debuxante Álvaro Cebreiro. Gran ilustrador (33).
- 32 Escritor Wenceslao Fernández Flórez. Autor de *El Bosque Animado*.
- 33 Músico José Baldomir. Autor da melodía *Meus Amores* (84).
- 34 Novelista e periodista Alejandro Pérez Lugín. Autor de *La Casa de la Troya*.
- 35 Sepultura do arquitecto Ricardo Boán y Callejas, estrela do Modernismo. Tradalado en 1987.
- 36 Arquitecto Eduardo Rodríguez Losada. Tamén músico.
- 37 Escritora Francisca Herrera. Primeira académica da RAG.
- 38 Periodista e político Juan Fernández Latorre. Fundador de *La Voz de Galicia*.
- 39 Escritor Francisco Ponte y Blanco. Presidente da RAG, fundador do Centro Galego da Habana e alcalde.
- 40 Arquitecto José María de Noya. Autor do Teatro Principal e coautor do proxecto da praza de María Pita (316).
- 41 Bardo Eduardo Pondal. *Cantor da Raza Galega*. Autor de *Os Pinos*, letra do himno galego.
- 42 Escritor Galo Salinas Rodríguez. Autor de *A Cova Céltica*. Primeiro arquivero da RAG (247, Corsaneiro).
- 43 Músico Mauricio Ciarfo. Fundador de Cántigas da Terra (521).
- 44 Naturalista Victor López Seoane. Científico prestixioso (4M).
- 45 Escritor Evaristo Martelo. Autor do *Rexurdimento* (4A).
- 46 Escritor Xoán Casal. Nova narrativa de posguerra (familia Jacobo Casal Rey).
- 47 Periodista Alejandro Barreiro Noya. O primeiro reporteiro español.
- 48 Pintor José Seijo Rubio. Director do Museo de Belas Artes (59).
- 49 Escritora Elisa Lestage. Poetisa incluída no *Álbum de la Caridad* (61).
- 50 Escritor Curros Enriquez. Pai do *Rexurdimento*. Autor de *Aires da miña terra*.
- 51 Escritor e periodista Julio Rodríguez Yordi, xunto á súa muller a periodista Luisa Durán Marquina (1868).
- 52 Historiador Ángel del Castillo. Arqueiro e cronista (105).
- 53 Periodista Juan Naya. Escritor e Cronista (78).
- 54 Músico Eduardo Diehl de Souza. Intérprete contemporáneo das músicas máis populares (337).
- 55 Músico Ramiro Cartelle. Intelectual coruñés (309).
- 56 Editores Uxío Carré Aldao (Cronista de A Coruña) e Leandro Carré Alvarelos. Promotores da coruñesa Librería Regional, epicentro do *Rexurdimento* e da tertulia *A Cova Céltica* (291).
- 57 Pintor e escritor Luis Seoane. Galeguista e innovador da nosa pintura.
- 58 Pintor Francisco Lloréns. Gran paisaxista galego.
- 59 Arquitecto Faustino Domínguez Coumes-Gay. Arquitecto do Eusebio da Guarda. Presidente da Academia de Belas Artes da Coruña.
- 60 Escritor Manuel Lugo Freire. Presidente da RAG e primeiro afiliado do Partido Galeguista.
- 61 Pedagoga María Barbeito. Xace aquí tamén o seu fillo o polifacético intelectual Carlos Martínez Barbeito.
- 62 Cómico Eumedre. Actor na película *La Casa de la Troya* (3564).
- 63 Escritor Francisco María de la Iglesia. Autor da primeira gran obra teatral en galego. Tamén xace aquí o divulgador Antonio de la Iglesia (135).
- 64 Pintor Luis Quintás Goyanes. Director do Museo de Belas Artes.
- 65 Arquitecto Juan de Ciorraga. Autor do Ensanche de 1885 e un dos arquitectos das galerías da Marina (sepultura en terra 284).
- 66 Pintor Román Navarro. Mestre de Picasso e militar (592).
- 67 Fotógrafo Antonio Avilón. Pioneiro da fotografía galega (82).
- 68 Arquitecto Faustino Domínguez Domínguez. Arquitecto Provincial e presidente da Academia de Belas Artes (22).
- 69 Historiador José Pérez Ballesteros. Fundador da RAG e autor do *Cancioneiro popular galego*.
- 70 Historiador Manuel Murguía. Estrela do *Rexurdimento* e pai da historiografía así como da RAG. Xace aquí xunto aos fillos que tivo con Rosalía de Castro. Entre eles, o pintor Ovidio Murguía, representante da *Aeración Doente*.



Esta guía sobre o cemiterio de Santo Amaro é unha edición do Concello da Coruña.

Coordinación:
Rubén Venturina
Literarios e textos:
Suso Martínez
Deseño gráfico:
Barro Salgado Santana
(Grupo Revolución deseño)
Fotografía histórica por cortesía da Real Academia Galega
Tradución do galego:
Sandra Fegades
D.L. C 1575/2012



Itinerario dos políticos, os militares e os soños da Coruña

- 71 Benito Pla y Cancela. Presidente do Congreso dos Deputados.
- 72 Jaime Ozores de Prado. Benefactor coruñés (71).
- 73 Alejandro Brandao Piñeiro. Alcalde da cidade no XIX.
- 74 Antón Vilar Ponte. Fundador das Irmandades da Fala (Chao Maciñeira).
- 75 Ramón Pérez Costales. Ministro da I República e mecenas do neno Picasso (Fernández Rilo).
- 76 José Folla Yordi. Alcalde que consumou a integración de Oza (581).
- 77 José Villaverde. Carpinteiro anarquista cuxo lapis é un dos ecos condutores de *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas (11).
- 78 Ramón Maseda Reinante. Fundador do PSOE coruñés fusilado en 1936.
- 79 Rogelio Caridad Pita. Xeneral xefe de Infantería fusilado en 1936.
- 80 Segundo Moreno Barcia. Autor da Constitución do Estado Galaico.
- 81 Avogado José Martínez Fontela. Líder republicano.
- 82 Alfredo Vilas Yglesias. O *Castelar* galego.
- 83 Memorial Partido Comunista de Galicia aos guerrilleiros Xosé Gómez Gayoso e Antonio Seoane Sánchez.
- 84 *Recuerdo a los que dieron su vida por la Libertad*.
- 85 Amparo López Jean. Activista feminista da República e membro do Partido Galeguista. Xunto a ela, as cinzas do seu home, César Álvarez Diéguez, republicano e presidente do Casino Republicano coruñés (81).
- 86 Federico Tapia. Primeiro alcalde republicano da cidade.
- 87 Laureano Martínez Brañas. Alcalde da cidade en 1923 (345).
- 88 Arcadio Vilela. Periodista vítima da guerrilla antifranquista.
- 89 Juan Menéndez. Alcalde e armador pioneiro do transporte a vapor (87).
- 90 Narciso García de la Torre. Benefactor ligado aos xardíns Méndez Núñez.
- 91 Aureliano Linares Rivas. Ministro de Xustiza durante o reinado de Alfonso XII e de Fomento durante a rexencia de María Cristina.
- 92 Ricardo Rodríguez Pastor. Presidente do banco que representa o esplendor das finanzas coruñesas. En 1921 encarga a sede do seu banco nos Cantones, no seu día o edificio máis alto de España.
- 93 Pedro Galán. Secretario das Mocidades Galeguistas fusilado en 1936.
- 94 Alfonso Molina Brandao. Alcalde (1947-1958) moi popular. Protagonista dun dos enterramentos máis multitudinarios.
- 95 Moncho Valcarce Vega. Sacerdote comunista e defensor dos campesiños das Encrobas (2125).
- 96 Antonio Rubinos. Sacerdote fundador da coñecida residencia.
- 97 Antonio Lens. Alcalde na II República.
- 98 Emilio González López. Deputado propulsor do Estatuto de Autonomía de Galicia nas Cortes de Montserrat (1938) xunto con Castelao.
- 99 Ángel Senra. Alcalde e figura do republicanismo coruñés (220).
- 100 Luis Moyano Prieto. Na súa lápida pon «Héroe del Alcázar, caído en Escombreras el 3-7-39».
- 101 José Soto González. Alcalde e presidente da Xunta de Defensa de 1893 (272).
- 102 Juan Barja Quiroga. Comandante da milicia franquista Bandera Legionaria Gallega morto na Guerra Civil (162).
- 103 Rafael Pérez Herrera. Último capitán xeneral de Alfonso XIII (301).
- 104 Lorenzo González Vallés Sánchez. Xeneral gobernador militar de Guipúzcoa vítima do terrorismo de ETA.
- 105 Santiago de Cristos Astray. Arteixán considerado heroe na guerra de Sidi Ifni (1958).
- 106 Ramón Villar Ponte. Fundador das Irmandades da Fala e teórico fundamental do nacionalismo galego.
- 107 José González Deposa. Conselleiro de Xustiza e creador de Unión Coruñesa.
- 108 Enrique Salcedo Molinuevo. Xeneral de División ao mando da VIII División Orgánica leal á legalidade e fusilado (386).
- 109 Áxel Casal. Fundador das editoriais Lar e Nós. Alcalde de Santiago fusilado en 1936 (100).
- 110 Eduardo Sanjurjo de Carricarte. Alcalde da etapa de expansión dos 60 que inaugura a fonte de Catro Camiños, a refinería de Bens ou San Pedro de Mezonzo.
- 111 Estanislao Pan y Recalde. Médico recordado pola súa actuación contra o cólera de 1854 (23).
- 112 Juan Francisco Barré. Empresario chegado de Francia despois da Revolución e figura do incipiente Liberalismo coruñés (29).
- 113 Juana de Vega. A condesa de Espoz y Mina, outra figura do Liberalismo coruñés. Sobresalíu na loita contra a epidemia de cólera de 1854 (72).
- 114 Ricardo Labaca Fernández. Maxistrado e presidente da Caixa de Alforros.
- 115 José Marchesi Dalmau. Importante alcalde. No seu mandato chega a luz eléctrica á cidade.
- 116 Narciso Obanza. Poderoso banqueiro coruñés decimonónico.
- 117 Luis Argudín Bolívar. Alcalde iniciador dos Xardíns Méndez Núñez recordado pola *Fuente Luisa*, costeada do seu peto.
- 118 Monumento ás vítimas da folga do 30 e 31 de maio de 1901. É a primeira folga xeneral da historia do movemento obreiro galego.
- 119 Manuel Casás. Alcalde, presidente da Real Academia Galega e do Circo de Artesáns (452).
- 120 José Rodríguez. O *Médico Rodríguez*, militante republicano e figura de Solidaridad Gallega (54).
- 121 José Pérez Ardá. Alcalde que en 1939 perdeu a expropiación de todo o termo municipal para evitar a especulación (161).
- 122 Francisco Pérez Carballo. Novo gobernador civil fusilado en 1936.
- 123 Sergio Peñarmaría de Llano. Alcalde creador do lema "La Coruña, ciudad en la que nadie es forastero".
- 124 Pedro Barré de la Maza. Un dos máis importantes empresarios e financeiros de España do século XX. Xace aquí xunto a súa segunda esposa, Carmela Arias y Díaz de Rábago, primeira muller en ostentar o cargo de presidenta dun banco en España.
- 125 Alfredo Suarez Ferrín. Alcalde republicano fusilado (394, Juan Chacón).
- 126 Francisco Calé. Integrante do Concello revolucionario de 1868 (282).
- 127 Ramón Bernárdez González. Sacerdote e figura do galeguismo coa Xunta de Defensa de 1893 e Solidaridad Gallega.
- 128 Claudio San Martín. Empresario vítima do terrorismo do GRAPO.
- 129 Fernando Rubine. Empresario benefactor da cidade.
- 130 Dionisio Tejero. Empresario coruñés fundador do Banco de La Coruña.
- 131 Evaristo Babé y Geli. Alcalde e empresario emprendedor do mundo do combustible en Galicia.
- 132 Os irmáns Montel Touzet. Tres irmáns do bando franquista caídos na Guerra Civil en 1936, 1937 e 1938.
- 133 Francisco Mariño. Alcalde de teliz memoria.

Catro paseos pensados para descubrir as tumbas e misterios do cemiterio de Santo Amaro. Atlántico, histórico, artístico, o campamento da Coruña amosa orgulloso os seus doscentos anos de historia



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña





A lenda de Santo Amaro

Ata entrada do século XX, a península da Torre formaba parte dos arrabaldes da Coruña. Ocupada por grupiños de casas mariñeiras, algún cuartel e campos para a instrución e o lecer. E, sobre o alto, os muíños de vento. Aquí, seguindo os vellos camiños da torre de Hércules, configúranse os barrios das Atochas e do Monte Alto, cos templos dedicados a San Roque, a San Tomé e a Santo Amaro, este coa fonte do santo, desaparecido en 1927 e rodeado de lendas en relación coa Pena das Ánimas.

Na tradición popular galega, o Santo Amaro ou San Mauro asóciase co Máis Alá. Conta a lenda que foi santo peregrino a Compostela, que desembarca nun porto e fai o camiño sen chegar a poder entrar na catedral pola multitude. Retorna entón para coller o barco e ve novamente naquel porto de inicio unha ringleira de xente que peregrina a outro templo. Pregunta e dílle que son devotos dun santo que 300 anos atrás peregrinara a Compostela, sen chegar a cumprir a súa meta e que se chamaba Santo Amaro. Lenda sobre a intemporalidade, sobre a procura do Paraíso, seguindo ao Sol. Repetida nestes confines e coincidente en aspectos coas lendas célticas de Breogán, coa de San Barandán, coa de Ero de Armenteira e maiormente coa do século XI de Trezenzonio, acontecida en Farum Breccantium (A Coruña).

Felipe-Senén López Gómez
Do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

Itinerario dos segredos de Santo Amaro

134 A matrona de Ramona Monge de Pla. Na relixiosidade céltica atlántica prehistórica existía a figura da Moura, encarnación da soberanía que elixía ao Príncipe sendo unha doncela, facíase vella con el, e á hora da morte do seu esposo, conducía a súa alma no Paraíso ou Alén baixo aspecto de vella matrona. ¿Algo desta tradición existe nesta representación fúnebre? (218). **135** O moucho do nicho de Babé y Gely (161). **136** Escudo de James Arbutnot. Nobre escocés que, arribado á cidade quizais acompañando ás tropas de sir John Moore, tamén escocés, decidira quedar tras a Batalla de Eviña (1809). Moore xace no Xardín San Carlos (34). **137** Capitán Lüttringhausen do acorazado imperial *Belgrano*. **138** *Un día de abril*. ¿Agocharase detrás desta enigmática data o día 14, proclamación da II República e en tempos tabú? (31). **139** Aquí houbo 16 soldados do III Reich, 8 dos cales foron vítimas do afundimento do submarino U966 *Gut Holtz* o 10-11-43 en Estaca de Bares. **140** Aquí xacen os restos de soldados musulmáns caídos na Guerra Civil. **141** O *banastero de Riazor*. Eternización do oficio do defunto (201). **142** Aquí foron enterradas en posición vertical e bañadas en cal numerosas vítimas do azote do cólera de 1854. Para respectar a súa memoria, non se permitiu enterrar desde entón a máis de 1,5 metros de profundidade nesta zona, que quedou así reservada para nenos.

143 Campaña do cemiterio, de 1896. Séguenla utilizando cada tarde os operarios para avisar aos visitantes do peche do camposanto. **144** Panteón da familia López Rego, a modo de mausoleo helenístico con dous fachos encendidos cuxas chamas o vento empurra cara ao mar. Outro exemplo de ceticidade no culto á morte. A creenza milenaria indica que a ánima do defunto chegará ao Alén, situado máis alá do mar, a modo dunha fortaleza ou Illa dos Benaventurados. Os ventos empurran as ánimas dos López Rego cara ao Alén, como indican as chamas. Curioso que desde aquí se vexa o máxico Seixo Branco, e case a punta Herminia, pois na divindade clásica é Hermes o encargado de conducir as ánimas ao Eliseo. **145** Cuarteta de 1869. Soneto inspirado no que lle dedica o namorado Garcilaso a Isabel Freire (110). **146** Antonia Coumes-Gay. Unha das vítimas da epidemia de cólera de 1854, que matou polo menos ao 10 % da poboación da cidade (96). **147** El Mazo Vendrell. Enterramento máis antigo facilmente lexible do camposanto (51). **148** Os enterramentos máis antigos deste cemiterio encóntranse aquí, onde se pode ver un grupo de primeiros nichos orixinais de granito a modo de cadros. Decoración cunha paloma, efixie a modo de camafeo clásico. Cando existe boa luz natural é posible ler datas de enterramento como 1822 ou 23 de abril de 1817, día do sepelio dun mozo de 28 anos (12). **149** Marqués de la Ensenada. Parente do famoso marqués promotor das instalacións da Armada en Galicia, sepultado tras esta tapa de lousa (220). **150** *Tan amada como malograda esposa*. Expresiva placa de ferro (193). **151** Neste panteón obra do escultor Escudero xace Herminia Rodríguez-Borrell Feijoo. Esta dama dos anos 20 estivo casada co magnate do petróleo Nubar Gulbenkian. **152** Viúva por días de Acisclo Campano. 18 días foron os que tardou a súa esposa en reunirse con don Acisclo (243). **153** A inspectora de primeira ensinanza Carmen Herrero Martín. Recordo do orgullo dos educadores e pedagogos do período republicano (262). **154** Aquí xace *Agostino Mazzei macchinista navale, vittima del dovere* (129). **155** O *rostrum* ou proa de embarcación do tenente de navío Llopiz (109). **156** Pobres Consuelo e Plácido (57). **157** *No succumbiste a un despota tirano / Mas la segura odiosa de la muerte (...)*. Poesía de 1855, hoxe illexible, que reflicte o amor entre irmáns (56). **158** Os O'Donnell descendentes de Red Hugh O'Donnell, líder da nobreza irlandesa exiliado en España a comezos do XVII. O'Donnell o primeiro que fixo na Coruña foi visitar a Torre de Breogán, o pai dos celtas, porque a alta nobreza da illa se considera descendente dos Milesios procedentes de Brigantia (65). **159** O corazón arrincado do Xeneral e heroe da Independencia Espoz y Mina, que xace neste nicho xunto á súa esposa (72). **160** A mellor cruz celta de Santo Amaro. **161** Outro oficio, caldeireiro, o do infortunado marido da moza Salomé. Neste curioso caso disenos que é *húngaro*, eufemismo da época para denominar a persoas de etnia xitana. **162** Poesía no nicho do arquitecto José María de Noya, quizais obra do seu sobriño Manuel Murguía (316). **163** A dramática historia do tenente Morales, quen se suicidou crendo que dera morte na praia de Riazor á súa moza, a escritora Juana Teresa Juega. José non quería que Juana fose escritora por celos cara ao profesor desta, e un artigo seu en *La Voz de Galicia* conduciría ao novo tenente á tolemia e perdición (307). **164** Poesía de Emilia Calé dedicada a seu pai (286). **165** Sepultura no chan do neno heroe Juanito Darriba, afogado en Riazor ao tratar de salvar a unha muller en 1896. **166** Rocha traballada no panteón da Familia de la Iglesia, a modo de Portalón celta ou acceso ao Paraíso con escalinata en espiral. **167** Vemos nesta liña de Santiago varios nichos orixinais con formato cadrado en granito, e tamén o zócalo no chan decimonónico que confirma a propiedade de toda a fileira a Francisco de Soto Altamirano.

168 Heroe Francisco Alcaraz. Obreiro nas obras do instituto Eusebio da Guarda afogado cando intentaba salvar a vida a tres mulleres en 1897 (359). **169** Na cripta deste panteón estivo enterrada a Venerable nena Mari Carmen González Valerio ata 1979, que nesa data foi trasladada a Madrid. Os restos do seu pai permanecen. **170** O dolmen do reguleiro Pena. Dolmen con cruceiro, alegoría das dúas caras da cristiandade galega. **171** Nalgún lugar sen identificar descansan os restos de Conchita, irmá de Picasso, falecida en 1895, aos 7 anos, vítima da difteria.



*O termo do corpo é o que vedes
O da alma será segundo obredes*

Lenda inscrita en pedra no frontispicio do cemiterio

Itinerario artístico

172 Capela do Cemiterio. Xoia do neoclasicismo, do arquitecto Alejo Andrade. 1833. **173** Portada do Camposanto. Decorado con catro chamas e cruz. 1812. **174** Nicho decimonónico con representación de gadaña, laurel e triángulo-olho de Deus. **175** Tres coroas de flores de formigón do nicho de Carmen Paquita (320). **176** Panteón da Familia López Trigo, cun arco apuntando cara a arriba ou ordenando silencio; e tuba calda, exemplo da *architecture funéraire* de César Daly. 1901. **177** Panteón ecléctico de Familia L. Miranda, do arquitecto Julio Galán Carvajal. 1901. **178** Destacable o Cristo Crucificado de gran tamaño tallado en mármore de José María Abella, un dos máis antigos de Santo Amaro. **179** Panteón de Amor Garrido. Bo traballo a modo de arca do escultor Molina, iniciador dunha saga de marmolistas coruñeses e deseño do arquitecto Boán y Callejas. 1906. **180** Panteón da familia Marchesi. Extraordinario sudario sobre obelisco e Sagrado Corazón de Xesús. **181** Obelisco exipcio do panteón de Ramón López-Chaves. **182** Alegoría con columna truncada, ancla, corona de flores e reloxo de arena, do panteón de Dolores Parlo y Parga. **183** Templo xónico de José Mariano González, de F. Calvo. 1901. **184** Arco con estrela na fronte botando flores que contén nunha saia tradicional galega (acibeche), no panteón de Andrés Salleres. **185** Panteón neoclásico de Familia Mesa, do arquitecto José Urioste y Velarde. 1899. **186** Templo neorománico e portada gótica da familia Valcarce, obra do marmolista Escudero. **187** Panteón (113) de José Fuentes Rouco, do escultor Escudero, e relevo en bronce de 1920 fundido polos madeirleños Codina, da Fundación La Metaloplástica. No relevo da Piedade non está Xoán, observándose dous apóstolos barbudos. **188** Obelisco exipcio do panteón de José R. Martínez. **189** O templo xónico da familia de Joaquín Ruiz Rodil, obra de Escudero. **190** Relevo de dama prerrafaelista do nicho 38. **191** Panteón do alcalde Maximiliano Linares Rivas, de Juan de Cíorra, de 1913. **192** Panteón modernista da familia de Bolívar, obra do arquitecto Pedro Mariño. 1912. **193** Panteón modernista da Familia Hernández Herce, de Rodríguez Losada. 1915. **194** Panteón modernista da Familia Tenreiro, de Rodríguez Losada. 1921. **195** As extraordinarias cadeas de rosario de bronce do panteón de Gil Galán. **196** Unha cruz celta con trezado no panteón de Josefa Magadan (1885). **Poñémonos no alto da escalinata de acceso ao IV Departamento e observamos desde aquí todas as arquitecturas relixiosas históricas de Galicia desde o Neolítico ata o XIX: un dolmen, románico, gótico, clasicismo... Este departamento é a parte máis fermosa de Santo Amaro ao estar menos alterada polas construcións funerarias contemporáneas.** **197** Panteón neogótico Satorio e Rubine, do arquitecto Juan de Cíorra. **198** Panteón neorománico de granito da familia Río y Santos. Obra de Faustino Domínguez Coumes-Gay. **199** Panteón de mármore branco de Fernando Castro Rey, deseñado polo arquitecto Reboredo e executado polo escultor Escudero. **200** Como eixo de toda a avenida principal, o panteón xónico de Fernando González Valerio, obra de Faustino Domínguez. 1896.

O Cemiterio Británico

Desde tempos inmemoriais, A Coruña foi a ponte hispánica coas illas británicas, e proba é este Cemiterio Británico, instalado no seo do cemiterio de Santo Amaro, pero separado. En 1867, Guillermo Congreve Cutcliffe Brackerburry, entón cónsul británico en Galicia, compra os terreos onde se levanta o camposanto. As obras conclúen ao ano seguinte. O primeiro enterramento foi precisamente o do citado cónsul.

Ata os anos 70, os sepelios eran habituais. En 1982 chega ao camposanto o que, ata o momento, é o seu último morador. Uns cen enterramentos hai neste cemiterio, onde xacen cónsules, mariños e cidadáns non só británicos senón tamén franceses, alemáns e suízos.

A zona na que hoxe continúa o nicho de Curros Enríquez foise modificando ao longo do século XX coa construción de bloques de nichos nas áreas antes reservadas a sepulturas en terra.



O enterro de Curros Enríquez en 1908 foi unha verdadeira manifestación popular de dó na que participaron 40.000 persoas. A panfletaría de Ferrer amosa un cemiterio no que aínda non se levantaran os nichos centrais.

